

FIN DE CICLO

B.S.

ao Tata Martino, ao legado do Tibu e ao post-rock santiagués

Moito parecía que tal pero :D

Mierda

y

Compañía

uns días estou triste e outros

non (o están)

os que están libres de pecado
só se divirten tirando a primeira pedra

uns días estou triste e outros vou ver a Panorama

non quero enterarme do que pasa
porque, total, nunca pasa nada
e para perder o tempo en tonterías,
pois, prefiro non enterarme de nada

embarazos non desexados

nenos idiotas

XUVENTUDE IMBÉCIL

crisis dos 40 aos 30313233343536373839BINGO

putos vellos

cemiterios e menos mal

cabe toda a presión de cen millóns de atmosferas
nos petos dos meus vaqueiros
e aínda hai sitio para as chaves e unha depilación caseira á présa

exporto todas as leis da física cargando con elas no lombo a diario
as matemáticas fixéronse para que non me contases máis mentiras
e claro que corremos, porque total, para camiñar sen rumbo é mellor ter medo

o temor a que o descoñecido sexa unha mala copia do que xa me aburre
que pena que vaiamos morrer todos e non só os nenos que pasan fame
porque vaia problema ter que poñer nas esquelas que tampouco eran tan simpáticos

se é que somos o máis alto da cadea evolutiva e aínda por riba
somos a última merda que cagou pilato

World Forum

- Faime o amor
- Vai tomar polo cu
- Váleme

imaxina un enorme furúnculo
sucio e suado
cos bordes graxentos e inchados
enorme e relucente
cansado e aínda palpitante
nun repouso que ben sabes... invita á reiteración do perigo

imaxina un enorme furúnculo cunha punta perigosa
un enorme furúnculo que se achega a ti
incitando á dominación
proclamando a violencia dos ocultados polo día
dos que saen á caza só pola noite

imaxina agora que en vez dun furúnculo falamos dun pene mal aseado,
e saberás todo aquilo que puido ser a poesía e que nunca será

non quero pasalo ben
e ter que esforzarme para rir
nin estirar o momento nin sufrir o día despois
nin pensar en nada diso
porque non quero pasalo ben
se non hai nada moito mellor
e se a lúa me chisca un ollo pois que lle dean
e se os paxariños cantan ao meu paso
vou pola escopeta e amañamos nun vuelo

Será que no século XXI a xente xa non pasa fame
pero ti non fas máis que comerme a cabeza

dios salve a los samesugas

MIRA

deberías ter un pouco máis de coidado coas doses que vas tomando da miña paciencia porque aínda que non cho poñan nas receitas do médico ao lado dos calmantes ao lado diso que te pon tan contenta diso que é tan bonito aínda que aí non apareza son muito

deberías ter máis tento ao rabuñarme porque non está escrito nas miñas costas pero resulta que todo isto que ves é muito PARA

non pares pero escoita isto non pode seguir así as cousas non van ben sei que isto che fai moito dano véseche preocupada pero é que non te queres dar conta de que todo se nos vai das mans que xa fai moito tempo que cho veño dicindo pero é que son muito para ti

con toda a miña santa papahostiada de pre-post-adolescente deberías saber xa que son a hostia e que o problema pequeniña é que o mundo é tan grande e a xente tan rara que son o mellor que vas atopar por aquí e tanto que son muito

son

MUITO

para Ti

Quero estar nervioso

Hai outras cousas aparte do campo
e os trens de mercadorías

E ti obrigáchesme a prometer
que por cada flor que asasinase
me sentiría culpable cinco ou dez minutos

Pero hai cousas que, simplemente, nunca deberían saír ben
e agora sei perfectamente por onde sairá mañá o sol
ou quen gañará de novo as eleccións
pero non sei que facer para que me mires

A vía do tren, nestes casos, é bastante honrada

Pode que non atopas o amor, pero case sempre
hai un gato morto, atropelado polo transcantábrico,
coas tripas xa verdes e os ollos fóra das órbitas

De todos xeitos, é xusto abondo

